

ACTA N.º 7/2016
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 28 DE XULLO DE
2016

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 14/16, MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 1.575.932,06 € .
- I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 15/16, MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 54.450,00 € .
- I.4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (I.B.I.) .
- I.5.-PETICIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A URBANIZACIÓN DA PO-3330 (RUA OTERO PEDRAYO)
- I.6.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE NIGRÁN AO PROXECTO DO CSIC "CIUDAD CIENCIA"
- I.7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UCN: INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EN PORTO DO MOLLE EN SUBSTITUCIÓN DO PAVILLÓN DE PANXÓN.
- I.8. SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SANEAMENTO. AUDITORIA E TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL
- I.9.- MOCIÓN DE URXENCIA: ACTUACIÓNS RELATIVAS AO REQUIRIMENTO A AUGAS DE GALICIA REFERIDO AO CONVENIO PARA O SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. Especial referencia ao Decreto sobre cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.ª Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.ª Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D. Modesto Martínez Sienes
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorroto
- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* xoves, 28 de xullo de 2016
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 21:03
- *Hora de remate:* 01:00 do venres 29 de xullo de 2016.
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 30 de xuño de 2016

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións respecto.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 30 de xuño de 2016 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 14/16, MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 1.575.932,06 € .

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 20 de xullo de 2016, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Considerando preciso realizar no ano 2016 os seguintes investimentos:

“Reordenación da circulación na rúa Caranquexo” por importe de 38.379,95 euros.

“Reparación e mantemento en rúa do Mariñeiro” por importe de 282.351,94 euros.

“Actuacións en colectores de saneamento no entorno do río Miñor” por importe de 78.129,58 euros.

“Abastecemento de auga a Parada”, por importe de 553.216,85 euros.

“Conexión da rede de abastecemento na rúa San Roque” por importe de 38.478,45 euros.

“Posta en valor da zona axardiñada na rúa Damas Apostólicas” por importe de 74.427,37 euros.

“Mellora e reforma interior do pavillón multiusos municipal”, por importe de 510.947,92 euros.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016 carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente destinado aos sete investimentos citados.

Vista a liquidación do orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao ano 2015, na que figura un remanente líquido de Tesouraría para gastos xerais por importe de 4.478.198,82 euros.

Tendo en conta que o Concello de Nigrán conta cunha “Capacidade de financiamento” no ano 2015 por importe de 2.182.989,25 euros .

Visto o establecido no artigo 32 e na disposición adicional sexta.2.a) da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, con respecto ao destino do superavit orzamentario e ás regras especiais para o destino do superavit orzamentario

Visto o establecido na disposición adicional novena do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, con respecto ao destino do superavit das entidades locais correspondente a 2015.

Considerando que os sete investimentos antes citados teñen a consideración de “Financieramente sostenibles” de conformidade co establecido na disposición adicional decimosesta do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto

refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL), na redacción dada á mesma pola disposición final primeira do Real Decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica.

Visto o establecido no artigo 177 da LRFL, e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como na base de execución 6ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 13.07.16, referencia T 123/16, e verbalmente na mencionada sesión con relación as obras:

- "Reparación e mantemento en rúa do Mariñeiro" por importe de 282.351,94 euros
- "Actuacións en colectores de saneamento no entorno do río Miñor" por importe de 78.129,58 euros..

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 14/16 mediante créditos extraordinarios por importe de 1.575.932,06 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016; o importe citado destinarase ás finalidades seguintes:

<u>Aplicación orzamentaria</u>	<u>Destino</u>	<u>Euros</u>
16153261100	Reordenación da circulación na rúa Caranquexo	38.379,95
16153261101	Reparación e mantemento en rúa do Mariñeiro	282.351,94
1616061100	Actuacións en colectores de saneamento no entorno do río Miñor	78.129,58
1616160100	Abastecemento de auga a Parada	553.216,85
1616160101	Conexión da rede de abastecemento na rúa San Roque	38.478,45
1617161100	Posta en valor da zona axardiñada na rúa Damas Apostólicas	74.427,37
1693362300	Mellora e reforma interior do pavillón multiusos municipal	510.947,92

O expediente administrativo de modificación de crédito 14/16 finánciase integramente mediante a utilización de 1.575.932,06 euros do remanente líquido de Tesouraría para gastos xerais indicado na liquidación do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015; coa seguinte modificación do estado de ingresos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016:

<u>Aplicación orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Euros</u>
1687000	Remanente de Tesouraría para gastos xerais	1.575.932,06

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 14/15 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Nigrán (www.nigran.org/).

Cuarto.- Se durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos

interesados (indicados nos artigos 170.1 da LRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 14/16 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 da LRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Concello Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Suxire un debate conxunto coa coa moción de UCN sobre o pavillón de Panxón, porque se condicionan reciprocamente.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Pide que se manteña o previsto na orde do día.

Sr. Alcalde-Presidente: Explica que é o que se pretende coa proposta de modificación de créditos. Desde 2007 a evolución económica foi mellorando progresivamente. O control do gasto deu os seus froitos. Actualmente o remanente de Tesourería supera os 4 millóns de euros. Isto é o que se pretende destinar a investimentos. Dálle lectura á lista deses investimentos e explica as respectivas finalidades. Unha das obras retírase por corresponderlle á empresa concesionaria, reducíndose o importe da modificación de crédito en 78.129.58 €, correspondentes a colectores do río Muíños.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Felicítase pola existencia deste remanente, que procede de anos anteriores debido á contención do gasto e a ingresos por enriba do previsto. Pensa que pola súa complexidade algunhas obras nin se poderán executar este ano. Pide que se controle que a concesionaria execute esa obra que se retira do expediente. O seu voto será favorable.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Felicita aos veciños por ter contribuído a xerar este remanente, por exemplo pagando máis IBI. Na memoria da Alcaldía sobre os orzamentos había obras de saneamento que aquí non aparecen. As que se propoñen non foron consensuadas. O dos colectores hai que esixirillo a AQUALIA. Das obras propostas achéganse poucos datos, e así non é fácil apoialas.

Sr. Fernández Comesaña, do grupo UCN: Tamén bota en falta o consenso para establecer as obras. Alégrase que a obra dos colectores se lle obrigue a facela á concesionaria. Non hai proxectos de todas as obras. Con algunhas actuacións estaría de acordo e non con outras, como é o caso do pavillón, que considera non debería contemplarse aquí e así o manifesta nunha moción que se debaterá máis adiante. Podería aceptar a actuación de adaptación do pavillón á normativa, pero non a súa consolidación. A actuación na Rúa do Mariñeiro pensa que é un erro, como pasou coa Rúa Rans, ao facer obras nunha vía da Comunidade Autónoma. O mellor sería un convenio para compartir o investimento. As obras deberían chegar ata o final da rúa e incluír tamén o abastecemento. Non vai apoiar a proposta senón que se absterá, porque hai actuacións que non comparten.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Hai dúas obras destacadas. O abastecemento a Parada, con máis de medio millón de euros, debería ser executada pola Xunta en virtude do convenio asinado, pero á vista do que pasou había que evitar o prexuízo aos veciños. A do

pavillón tamén é unha obra prioritaria. As obras afectarán ás actividades deportivas e aquí hai que evitar prexuízos aos usuarios, pospoñéndoas, se fose necesario, ata o ano que ven. No tema dos colectores excluídos entende que hai un compromiso por parte de AQUALIA.

Sr. Alcalde-Presidente: Retírase esa obra despois de falar con AQUALIA. Dixeron que a farían a partir de outubro.

Sr. García Pazos: Esperan que se fagan en prazo e non se perda a oportunidade, tendo en conta que se precisan informes sectoriais positivos.

Sr. Cuevas Raposo: Absteranse porque non van votar a cegas, ao descoñecer os detalles. Preocúpalle que se inclúsen inicialmente os colectores. A Xunta non ten no seu inventario as rúas Otero Pedrayo e Rúa do Mariñeiro. Hai un certo caos nesta materia.

Sr. Alcalde-Presidente: Confía en poder levar a cabo a iniciativa.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 14; PSOE, PP e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións:3; Nigrán e UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, **coa modificación que a continuación se indica.**

Suprímese do expediente de modificación de crédito 14/16 a seguinte actuación:

<u>Aplicación orzamentaria</u>	<u>Destino</u>	<u>Euros</u>
1616061100	Actuacións en colectores de saneamento no entorno do río Miñor	78.129,58

Deste xeito, o importe do expediente redúcese na expresada contía, pasando de 1.575.932,06 euros a 1.497.802,48 euros.

I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 15/16, MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 54.450,00 € .

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 20 de xullo de 2016, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta a necesidade de proceder no prazo máis breve posible á retirada, transporte e xestión de todos os residuos procedentes de obras de construción e outras orixes, en oito parcelas (12-13-14-68-69-70-72 e 73) do polígono 57 no Concello de Nigrán

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016 carécese de crédito adecuado, dispoñible e por importe de 54.450,00 euros para poder tramitar o correspondente expediente de contratación referido á "Retirada,

transporte e xestión de residuos de 8 parcelas no polígono 57”.

Vista a liquidación do orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao ano 2015, na que figura un remanente líquido de Tesouraría para gastos xerais por importe de 4.478.198,82 euros.

Tendo en conta que o Concello de Nigrán conta cun “Superavit orzamentario” de no ano 2015 por importe de 2.182.989,25 euros.

Visto o establecido no artigo 32 e na disposición adicional sexta.2.a) da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, con respecto ao destino do superavit orzamentario e ás regras especiais para o destino do superavit orzamentario.

Visto o establecido na disposición adicional octoxésima segunda da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016.

Visto o establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL), e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como na base de execución 6ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 13.07.16, referencia T 124/16 .

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 15/16 mediante créditos extraordinarios por importe de 54.450,00 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016; o importe citado destinarase integramente á “Retirada, transporte e xestión de residuos de 8 parcelas no polígono 57”.

O expediente administrativo de modificación de crédito 15/16 finánciase integramente mediante a utilización de de 54.450,00 euros do remanente líquido de Tesouraría para gastos xerais indicado na liquidación do orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2015; coa seguinte modificación do estado de ingresos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Euros
1687000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	54.450,00

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 15/16 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Nigrán (www.nigran.org/).

Cuarto.- Se durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 da LRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación

orxamentaria 15/16 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 da LRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Concello Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Resume a proposta e o obxectivo que se persegue con esta iniciativa. Trátase de resolver un problema ambiental evidente.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Aquí hai un defecto non subsanable, e por iso absteranse. As finalidades do remanente de tesourería están taxadas. Este sería un gasto corrente, de carácter excepcional e necesariamente motivado. Esa motivación non existe.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Pensan que é unha necesidade. Votarán a favor.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: O problema é que se trata dunha parcela privada, e fai falta a súa autorización. O Concello non foi o único culpable deses vertidos. O propietario tamén foi responsable por toleralos. Absterase, á vista as circunstancias concorrentes.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: O Concello contribuíu ao vertido. Espera que non volva a incorrer no mesmo erro, e ademais vixie e denuncie calquera vertido ilegal.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE e Nigrán Decide.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PP, UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (I.B.I.) .

A Comisión informa favorablemente o expediente da moción do grupo municipal socialista para a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles (I.B.I.), ca seguinte proposta da Alcaldía:

1.- Modificar o artigo 5 – 2b), quedando a súa redacción como segue:

2.b) Os declarados expresa e individualmente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral

á que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta de dita Lei. Esta exención non alcanzará a calquera clase de bens urbanos ubicados dentro do perímetro delimitador das zoas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados en eles, senón, exclusivamente, ós que reunan as seguintes condicións:

En zoas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

En sitios ou conxuntos históricos, os que contén con unha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 41 Real Decreto Lexislativo 2/2004 (actualizado a 1-1-2016). 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño.

Non estarán exentos os bens inmobles a que se refire esta letra b) cando estean afectos a explotacións económicas, salvo que lles resulte de aplicación algún dos supostos de exención previstos na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, ou que a suxeición ó imposto a título de contribuinte recaia sobre o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais, ou sobre organismos autónomos do Estado ou entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

2.- Modificar o artigo 6 – engadindo o punto 4), quedando redactado como segue:

4) Terán dereito a unha modificación do 90 por cento da cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolven actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais.

A estes efectos, considérase que concorren esas circunstancias culturais cando:

*O suxeito pasivo estea inscrito no Rexistro de asociacións do Concello de Nigrán.
O inmovible sexa de acceso público e estea disposición do Concello de Nigrán e de outros colectivos culturais.*

O incumprimento dalgún dos citados requisitos durante o beneficio da bonificación, dará lugar á perda do dereito á mesma.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Fai referencia á finalidade da moción que é eximir do IBI a entidades veciñais que levan a cabo un labor de interese público. A exención acadaría o 90%, porque é o tope legal.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: É consciente do problema e o seu grupo presentou unha moción o ano pasado, que retiraron para mellorar certos aspectos técnicos. A que agora se presenta en parte é copia da súa. Aquí omítese a regulación de aspectos necesarios, que afectan á seguridade xurídica. Por iso pide que quede sobre a mesa. Eles presentarán modificacións se se aproba así. Hai outras cuestións da ordenanza tamén mellorables. Hai prazo para levalo ao Pleno de setembro.

Sr. Alcalde-Presidente: Están en contra de deixalo sobre a mesa.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: O informe de intervención é de onte. Hai defectos no texto. Pensan que en setembro vai a tempo.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Na Comisión Informativa houbo unanimidade a favor, pero houbo moitos reparos posteriores. O máis sensato é que quede sobre a mesa.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Recoñece a prudencia da proposta de Nigrán Decide. A prudencia imponse. As incorreccións detectadas son significativas, aínda que sexa no aspecto léxico. Tamén ve problemas de fondo. O IBI grava o patrimonio, pero as bonificacións tamén son posibles en certos casos. Hai outras bonificacións que tamén se deben analizar. Acepta que quede sobre a mesa.

Votación da petición de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: 7; PSOE.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda que o asunto **quede sobre a Mesa**.

1.5.-PETICIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A URBANIZACIÓN DA PO-3330 (RUA OTERO PEDRAYO)

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de xullo de 2016, á iniciativa do goberno municipal, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Rúa Otero Pedrayo (PO 3330) é unha vía de titularidade autonómica dun quilómetro de lonxitude que une ás parroquias de Nigrán e Panxón e que remata, por unha banda na PO 552 e por outra na PO 325, ámbalas dúas tamén de propiedade autonómica.

Pese a ser unha estrada moi transitada e vertebradora do municipio o seu estado é lamentable, incluso poderíamos asegurar que as súas beirarrúas son as que peor conservadas están de todo o municipio. Son múltiples as denuncias e incidencias que os veciños e veciñas de Nigrán transmiten ao concello e tamén en moitas ocasións o seu pésimo estado produce lesións e accidentes aos cidadáns. As beirarrúas non cumpren as mínimas normas de

accesibilidade.

Os servizos urbanos que transcorren por esta estrada é imprescindible melloralos, tanto no que afecta á rede e acometidas de saneamento coma á de pluviais.

Por outra banda esta estrada autonómica é un vial que soporta moito tráfico e que une as parroquias de Nigrán e de Panxón polo que tamén é imprescindible a mellora do seu firme, o pintado do mesmo e a instalación de medidas correctoras de velocidade para evitar posibles accidentes.

Por todo isto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Instar á Xunta de Galicia a iniciar de xeito inmediato os trámites necesarios para a renovación de beirarrúas, instalacións de saneamento e abastecemento así como a mellora do firme implementando medidas de seguridade vial.

2.- Unha vez rematas as obras ceder dita Rúa Otero Pedrayo ao concello de Nigrán que a partir de ese momento será o encargado do seu mantemento e xestión".

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Le a parte dispositiva da proposta, asumida por todos os grupos. A xustificación é evidente, dado o estado desa vía que da lugar a moitas queixas.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Apoian a proposta. As necesidades en materia viaria son moitas e esta é evidente. Na súa etapa de goberno conseguíuse a titularidade de bens e o arranxo coa colaboración da Deputación. Hai outras demandas que se lle poden facer á Xunta e á Deputación en diversas vías.

D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide: Están a favor pola necesidade e os termos nos que se pide.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Está a favor, dadas as circunstancias. A Xunta ten unha débeda con Nigrán nesta materia. A situación é lamentable.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: É a obra máis urxente das que afectan a vías de Nigrán. Hai que estar pendente dos pasos que deben seguir ao acordo para acadar o obxectivo.

Sr. Valverde Pérez: A Xunta nos últimos catro anos investiu 6 millóns de euros en Nigrán. En etapas anteriores o resultado da xestión non foi tan brillante.

Sr. Fernández Comesaña: Replica ao Sr. Valverde e indica que o vial nas normas ten unha sección de 16 metros.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.

- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I. 6-ADHESIÓN DO CONCELLO DE NIGRÁN AO PROXECTO DO CSIC “CIUDAD CIENCIA”

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de xullo de 2016, á iniciativa do grupo municipal de Nigrán Decide, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Froito da preocupación polo atraso científico e tecnolóxico deste país, foron numerosos os veciños e veciñas de Nigrán que lle pediron ao grupo municipal de NIGRÁN DECIDE que fixera as xestións necesarias para que o Concello de Nigrán se adherira ao proxecto de CSIC chamada "CIUDAD CIENCIA".

CIUDAD CIENCIA é un proxecto de divulgación científica do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e a Obra Social "la Caixa" cuxo fin é que os habitantes de localidades afastadas dos grandes núcleos urbanos coñezan de primeira man a actualidade científica e tecnolóxica.

CIUDAD CIENCIA pon a disposición das cidades adheridas a este programa actividades de divulgación científica en múltiples formatos (exposicións, conferencias, visitas a centros de investigación, etc.) que se incorporan á programación cultural de cada municipio, así como talleres online de participación cidadá creados por investigadores do CSIC.

Por exemplo, os talleres abarcan diversas temáticas e permiten aos cidadáns elaborar un mapa das plantas da súa cidade ou facer unha horta onde aprender, a través do método científico, conceptos de agricultura sustentable .

CIUDAD CIENCIA lanzouse en marzo de 2012, e actualmente forman parte do proxecto cerca de 40 localidades de toda España, a última delas JACA, adherida en abril deste ano.

Por outro lado o CSIC organiza continuamente exposicións a través dos seus diferentes centros e unidades có obxecto de dar a coñecer a súa actividade científica á sociedade. Estas mostras poden ser permanentes, temporais ou itinerantes.

Nos como grupo municipal, nin individualmente, ousamos valorar estas actividades de divulgación científica, pero consideramos que, realizando unha programación axeitada, poden servir ademais, sempre que o goberno municipal unha adecuada divulgación destas actividades, para a promoción do Concello de Nigrán, especialmente fora das épocas estivais, o que contribuiría a aumentar o número de visitantes a Nigrán fora destas épocas.

O noso grupo municipal fixo un rogo relativo a este tema, no que ademais destas explicacións, explicabamos ao alcalde como tiña que facer para comezar os trámites da adhesión, indicándolle unha serie de datos, para solventar as posíbeis dificultades de poder

realizar esta adhesión.

O quixemos facer con discreción, xa que para nos, aínda que nos gusta que se nos recoñeza o noso traballo, o mais importante é Nigrán, sendo secundario quen sae na foto posteriormente.

Froito desta solicitude fíxose a exposición FOTCIENCIA13 entre o 9 e o 29 de maio no Concello de Nigrán, segundo se indica na páxina web do CSIC, cuxa celebración, segundo a nosa opinión, non foi divulgada adecuadamente, pola ausencia do envío de de notas a prensa local ou pola non inclusión desta actividade na páxina web do Concello de Nigrán.

Por todo isto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Nigrán insta ao Alcalde e ao equipo de goberno a:

-Que inicie as xestións necesarias para a adhesión do Concello de Nigrán a "Ciudad Ciencia".

-Que en caso de que non se poda realizar a adhesión do Concello de Nigrán ao proxecto de "Ciudad Ciencia" se soliciten exposicións ao CSIC para expoñer en Nigrán.

-Que se faga unha divulgación adecuada destas actividades".

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide: A iniciativa ten orixe nunha inquietude veciñal e pensan que é positiva para Nigrán. O Concello so tería que pagar o transporte.

Dª. Mª. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: O PP non se oporá a isto, pero so hai 40 municipios adheridos o cal sorprende, dado que so hai que pagar o transporte.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Mantén o voto a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Á vista da contrapartida, votará a favor.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Aínda faltaría o posterior convenio, que tería que vir ao Pleno.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UCN: INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EN PORTO DO MOLLE EN SUBSTITUCIÓN DO PAVILLÓN DE PANXÓN.

A) Ditame da Comisión informativa:

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de xullo de 2016, previa declaración de urxencia, acordou ditaminar desfavorablemente a seguinte moción:

Exposición de Motivos:

1.- El Ayuntamiento de Nigrán ha llevado a cabo la construcción de un Pabellón Polideportivo en Panxón, de acuerdo con el proyecto redactado por el Ingeniero D. Roberto Aya Duarte, por importe de 55.978.963 millones de las antiguas pesetas, en una parcela de unos 3.000m². Obras ejecutadas en varias fases y terminadas a finales de los años 80.

2.- Las citadas instalaciones cuentan con casi 30 años de antigüedad, presentan un estado obsoleto y muy deficiente e incumplen la normativa vigente de aplicación para instalaciones deportivas, por lo que el gobierno local pretende llevar a cabo unas obras de reforma que ascienden a la cantidad de 510.947,92(, (superando casi 30 millones de las antiguas pesetas), lo que representa más del 50% del valor de construcción, y a nuestro entender resulta equivocado.

3.- Asimismo, entre las calles Ciudad de Vigo y Arquitecto Palacios, existen unas pistas de Tenis en las instalaciones deportivas "Dunas de Gaifar", en la que también se ubica una cafetería, gestionada mediante "contrato administrativo especial", vigente hasta febrero/2020, todo ello dentro de una parcela de cerca de 10.000m² de superficie.

4.- Recientemente el SERGAS construyó un nuevo ambulatorio en una parcela cedida por el Ayuntamiento de cerca de 5.000m², en frente al citado complejo deportivo, por lo que se ha visto seriamente mermada la superficie de suelo destinado a zona verde y esparcimiento público.


5.- El Ayuntamiento de Nigrán dispone de una parcela de más de 20.000 m² de superficie en el Parque Terciario de Porto do Molle, destinado a usos deportivos, culturales etc., por lo que parece razonable iniciar -y con visión de futuro- su desarrollo, construyendo un nuevo Pabellón Polideportivo/Multiusos, así como otras instalaciones deportivas complementarias, que sustituyan y libere un espacio privilegiado en primera línea de playa, utilizado en infraestructuras deportivas.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, **ACUERDO:**

PRIMERO.- Instar al gobierno local a que ponga en marcha la redacción de los proyectos técnicos necesarios para la construcción de un Pabellón Polideportivo Multiusos, así como también de otras instalaciones deportivas de tenis, atletismo etc, en desarrollo de la parcela destinada a usos deportivos, culturales etc., en el Polígono Terciario de Porto do Molle, paralizando asimismo las obras de reforma que se pretende realizar en el actual pabellón de Panxón.

SEGUNDO.- Una vez finalizadas las obras, se proceda a liberar el espacio destinado a infraestructuras deportivas en las parcelas 5088901NG1655N0001RO y 5255001NG1655N0001YO, en las Dunas de Gaifar, de una superficie total aproximada de unos 12.530 m², y destinarlo a zona de esparcimiento público.

B) Emenda á totalidade do grupo Popular, con texto alternativo. Redacción final, que inclúe as modificacións introducidas durante o debate:



Exposición de motivos

I. En sesión Plenaria de fecha 26 de Febrero del 2015, se aprobó (y así aparece recogida en el Acta Nº 3/2015), con los votos favorables de los grupos municipales del PP, PSOE Y concejal no adscrito; y la abstención del Grupo Mixto (BNG y UCNL (15 votos favorables, 2abstenciones) la siguiente Propuesta de Acuerdo: *“Realizar el estudio técnico necesario para determinar la viabilidad de la construcción V explotación de un complejo deportivo en el equipamiento municipal existente en el SAU-9 (Porto do Molle), y encomendarle a la Alcaldía, que de conformidad con la legislación aplicable, contrate la redacción. del mismo. A LA VISTA DE SU RESULTADO, LA CORPORACION ADOPTARA LA DECISION QUE PROCEDA”.*

II. El estudio antes referido, fue contratado, realizado y recibido ya hace varios meses por el actual equipo de gobierno (*Registro de entrada 12010 de 05 octubre de 2015*).

III. El Sr. Alcalde indicó en sesión plenaria, y así lo recogió también algún medio de comunicación, que por decisión propia de la Alcaldía había encargado modificar el Proyecto de la senda que recorre los márgenes del Río Muíños para encajar en el área de equipamiento deportivo del SAU 9 una pista de atletismo.

IV. Con la propuesta traída en fecha de hoy, este Pleno de asignar fondos procedentes del remanente de Tesorería 2015 a la Mejora y reforma interior del Pabellón Municipal, se reabre la necesidad de analizar de forma profunda y conjunta por parte de esta corporación de la cuestión del desarrollo futuro tanto de las infraestructuras e instalaciones, como de los servicios deportivos en Nigrán. Dado que se trata de un tema significativo con trascendencia para nuestro municipio fundamentalmente de cara al futuro, y que para su desarrollo se necesitarán varios años, sería conveniente y se requeriría el acuerdo y compromiso plenario.

Por todo lo referido, el Grupo Municipal Popular presenta para su debate y aprobación si procede de la siguiente propuesta de acuerdo:

1. Constituir una comisión de trabajo que analice las necesidades en infraestructuras, instalaciones y servicios deportivos en el presente y futuro de nuestro municipio, de cara a dar solución a las carencias y demandas en este ámbito, en el Ayuntamiento de Nigrán, y con el objetivo de tomar decisiones que pongan en marcha los mecanismos y formulas legales, económicas y administrativas necesarias para la construcción, gestión y explotación de estas instalaciones y servicios, con especial atención al desarrollo del área deportiva del SAU-9 Porto do Molle.

2. Esta comisión de trabajo estará compuesta por un miembro designado por cada Grupo Municipal, actuando como Presidente el que corresponda al Grupo Municipal en el Gobierno. Éste estará encargado de convocar y coordinar las reuniones (siendo ya la primera para este mes de septiembre), así como de solicitar el apoyo y participación de los técnicos municipales que se considere necesario, para presentar al Pleno como Propuesta la decisión final de la comisión de trabajo en el plazo de un año.

3.- Cualquier decisión que afecte o pueda afectar a la implantación de nuevas actividades e instalaciones/infraestructuras deportivas municipales, y de forma especial

a las que afecten al área deportiva de Porto do Molle (SAU-9), deberá ser debatida y aprobada por el pleno de la corporación municipal.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Fai mención aos motivos que se consignan na súa moción e resume a parte dispositiva da proposta. A execución das obras do pavillón de Panxón dará lugar á paralización das actividades deportivas. Esta iniciativa contribuiría a resolver ese problema, ademais de ofrecer outras posibilidades. Pide o apoio para a proposta.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Non lle ve sentido á proposta. Ten aspectos contraditorios. Non se poden usar os fondos de Zona Franca. Formulan unha emenda á totalidade na que se pide que se analicen as necesidades. Hai xa un estudio de viabilidade que pode servir de referencia. A idea é crear unha comisión de traballo para que avalíe as necesidades.

Sr. Alcalde-Presidente: A cuestión das obras do pavillón xa se resumen nun punto anterior. O estudio de viabilidade non se pode aproveitar.

Sr. Valverde Pérez: Ese estudio achega unha serie de datos útiles, de demanda, demográficos, etc.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Están de acordo coa filosofía da emenda. Quitaría o punto 3 e daría o prazo dun ano; e que se consulte ao Consello de participación cidadá.

Sr. Fernández Comesaña: Mantén a moción. UCN e o BNG non apoiaron o do estudio de viabilidade. Non é partidario de crear comisións que despois non funcionan. Non está conforme coa emenda.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: A súa postura é que certas dotacións, como as deportivas, deben estar integradas nos cascos urbanos. Non comparte a moción, con independencia de que se decida o destino da zona deportiva de Porto do Molle. En relación coa emenda absterase, porque non houbo tempo de estudala e ademais non comparte o punto terceiro.

Sr. Valverde Pérez: O estudio de viabilidade non contén unha proposta pechada. Pide o apoio á emenda.

Votación e acordo sobre a Moción de UCN.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 1; UCN .
- Votos en contra: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide e BNG.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción.

Votación e acordo sobre o texto alternativo resultante da iniciativa do grupo Popular.-
Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PP e Nigrán Decide.
- Votos en contra: 8; PSOE e UCN.
- Abstencións: 1; BNG.

Á vista do **empate**, procédese a unha **segunda votación** ordinaria (art. 100.2 do ROF),
co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8; PP e Nigrán Decide.
- Votos en contra: 8; PSOE e UCN.
- Abstencións: 1; BNG.

Persistindo o resultado de empate na votación, e co voto de calidade do Sr. Alcalde
Presidente, o Pleno do Concello acorda rexeitar tamén o texto alternativo.

I.8. SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SANEAMENTO. AUDITORIA E TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de xullo de 2016, á iniciativa do grupo
UCN e previa declaración de urxencia, acordou ditaminar favorablemente a proposta.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Le a proposta. Reitérase algo que xa se ten
manifestado no Pleno.

Sr. Alcalde-Presidente: Votarán a favor.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Hai sentencias que avalan o pago, tendo en conta
a ordenanza específica do Concello afectado. Corrixir onde di "servio" debe dicir "servicio".

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A favor. Eles xa se expresaron nesta liña
e se ademais se pode corrixir mellor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Na auditoría hai que ver se o prazo de
amortización é o inicial do contrato coas correspondentes consecuencias económicas.
Ademais, o tema das perdas de auga é fundamental aclaralo.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello adopta so seguinte **ACORDO**:

Exposición de Motivos:

1.- El Ayuntamiento Pleno en sesión celebrada el día 25/6/1992, adjudicó la "Gestión integral del servicio municipal de abastecimiento de agua y saneamiento de Nigrán" a la UTE FCC-Seragua, hoy Aqualia, por un período de 25 años prorrogables en períodos de 5 años, hasta un máximo de 50, formalizándose el correspondiente contrato el día 27/11/1992, e iniciándose la prestación del servicio el día 1/10/1992.

2.- Teniendo en cuenta que la prórroga del contrato debe considerarse como una excepcionalidad, máxime teniendo en cuenta de la reciente aprobación de la Ley del área Metropolitana, que entre sus competencias está la gestión del ciclo del agua en los municipios que la integran, con el objetivo de optimizar recursos, mejorando así la gestión y eficiencia del servicio, con la finalidad de poder abaratar el coste que vía tarifas están abonando los usuarios.

3.- A pesar de haberse planteado en reiteradas ocasiones la necesidad de llevar a cabo la contratación de una Auditoria del servicio y existiendo consignación en el presupuesto, todavía a día de hoy no está iniciado expediente de contratación alguno, cuando falta escasamente un año para su vencimiento (30/9/2017), al margen de que pueda considerarse la prórroga automática, en atención a las especiales circunstancias anteriormente indicadas.

4.- Resulta relevante disponer de la citada Auditoria para tener información, entre otros aspectos de:

-El grado de cumplimiento de las obligaciones contractuales y particularmente las de mayor significado durante el período de la concesión.

-Que se determine claramente si al término de la concesión supone la finalización de la amortización de las instalaciones y, por tanto, debiera reducirse la tarifa que abonan los usuarios del servicio, ya que la prórroga no puede constituir un beneficio del concesionario una vez amortizadas las instalaciones, originando un claro desequilibrio económico a su favor, toda vez que las tarifas aplicadas fueron calculadas en función del coste de amortización de las obras e instalaciones realizadas por el concesionario durante la vigencia del contrato.

-Que ponga de manifiesto el grado de cumplimiento relativo a las obras de mantenimiento necesarias en las redes de abastecimiento, y especialmente en las de saneamiento, así como también en pozos de registro y estaciones de bombeo que pudieran estar produciendo filtraciones, originado con ello un serio peligro de contaminación.

-Que igualmente se determine que redes de infraestructura fueron asumidas en su día por el concesionario y realizadas por el Ayuntamiento antes del inicio de la concesión, así como el grado de su renovación.

-Que se determinen las pérdidas por fugas en la red de abastecimiento de agua en alta, desde el embalse de Zamanes hasta los depósitos de Condominguez, así como su grado de mantenimiento.



5.-Asimismo, hay que tener en cuenta la reciente sentencia del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por la que se reconoce el derecho a la Administración Local a aplicar a las concesionarias del servicio la tasa del 1,5% sobre la facturación anual, en concepto de tasas por la utilización privativa o aprovechamiento especial del dominio público local del suelo, subsuelo y vuelo en la vía pública, que aproximadamente o incluso pudiera superar los 500.000€, (incluidos a los cuatro últimos años los cinco de prórroga), determinados en la forma prevista en el artº 24.1, párrafo quinto apartado c), del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Parte dispositiva:

PRIMERO.- Instar al gobierno local a que de forma inmediata ponga en marcha el expediente de contratación de una Auditoria de la "Gestión integral del servicio municipal de abastecimiento de agua y saneamiento de Nigrán", que determine el grado de cumplimiento de las obligaciones contractuales de la empresa concesionaria del servicio UTE FCC-Aqualia, S.A., durante los años de vigencia de la concesión.

SEGUNDO.- Que por los servicios económicos municipales se practique, de ser procedente, la liquidación de los últimos cuatro años, en aplicación de la Tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local del suelo, subsuelo y vuelo en la vía pública, aplicando el 1,5% sobre la facturación anual, de acuerdo con la ordenanza en vigor.

I.9.- MOCIÓN DE URXENCIA:

Do grupo UCN.

ACTUACIÓNS RELATIVAS AO REQUIRIMENTO A AUGAS DE GALICIA REFERIDO AO CONVENIO PARA O SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO.

Exposición de Motivos:

1.- El Pleno del Ayuntamiento de Nigrán en sesión de fecha 28/11/13, aprobó el convenio para la ejecución de "Obras de ampliación de redes de saneamiento e abastecimiento en diversas zonas do municipio", por importe de 1.000.000 €, a financiar por parte de Augas de Galicia 800.000 € y 200.000 € por parte del Concello.

2.- Con fecha 23/12/13, se firma el correspondiente convenio de colaboración entre Augas de Galicia y el Ayuntamiento de Nigrán, cofinanciado por el Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, con vigencia hasta el 31/12/2015 y que podrá ser prorrogado mediante la oportuna addenda, estableciendo las siguientes anualidades:

2.1.- Xunta de Galicia: Actuacións de saneamento:

Anualidade 2014	275.000€
Anualidade 2015	275.000€

2.2.- Xunta de Galicia: Actuación de abastecemento:

Anualidade 2014	125.000€
Anualidade 2015	125.000€

2.3.- Ayuntamiento de Nigrán:

Anualidade 2013	150.000
Anualidade 2014	25.000
Anualidade 2015	25.000

3.- Con fecha 29/5/14, el pleno municipal aprueba una primera Addenda presentada por Augas de Galicia, en que básicamente cambia el sistema de financiación inicialmente previsto, quedando fijado en:

2.1.-Xunta de Galicia: Actuacións de saneamento:

Anualidade 2014	20.000€
Anualidade 2015	200.000€

2.2.- Xunta de Galicia: Actuacións de abastecemento:

Anualidade 2014	0€
Anualidade 2015	580.000€

2.3.- Ayuntamiento de Nigrán:

Anualidade 2014	100.000€
Anualidade 2015	100.000€

4.- Con fecha 27/1/15, el pleno municipal aprueba una segunda Addenda al convenio presentada por Augas de Galicia, por el que se vuelve a modificar las anualidades de financiación, quedando de la siguiente forma:

2.1.- Xunta de Galicia: Actuacións de saneamiento:

Anualidade 2015	220.000€
-----------------	----------


2.2.- Xunta de Galicia: Actuacións de abastecemento:

Anualidade 2015	580.000€
-----------------	----------

2.3.- Ayuntamiento de Nigrán:

Anualidade 2015	200.000€
-----------------	----------

5.- Con fecha 30/7/15, el pleno del Ayuntamiento de Nigrán aprobó el proyecto técnico



redactado por Augas de Galicia, en el marco del citado convenio y correspondiente a la obra de "Abastecemento a Parada", clave OH 236.1085, por importe de ejecución por contrata de 553.216,85 €.

6.- Con fecha 29/7/15, se recibe escrito remitido por Augas de Galicia, dando cuenta de la resolución unilateral del citado convenio, afectando por consiguiente a las obras previstas de "Abastecemento a Parada", obras que ya no serán financiadas por el citado Organismo, dependiente de la Xunta. Por tal motivo y a propuesta del Sr. Alcalde, se aprueba igualmente en dicha sesión plenaria y por unanimidad de todos los grupos de la Corporación, "solicitar a Augas de Galicia que, a vista do presente acordo e demais circunstancias concurrentes, deixe sen efecto a súa decisión de 27 de xullo de 2015, de resolver o convenio asinado o 23/12/13, no que se enmarcou a presente obra. De non producirse tal revogación, facúltase á Alcaldía para que formule o requerimento previo á interposición de recurso contencioso administrativo".

7.- Con fecha 28/9/2015 se formula por parte del Ayuntamiento de Nigrán, y en cumplimiento del acuerdo plenario, escrito de requerimiento previo, sin obtener respuesta alguna por parte de Augas de Galicia, ignorando el más elemental principio de colaboración interadministrativa, e infringiendo los arts. 4 y 42 de la LRXPAC, reiterándose nuevamente con fecha 30/3/2016.

8.- En contestación al último escrito, se recibe con fecha 13/4/2016, comunicación de Augas de Galicia por la que entre otros aspectos se invoca el silencio administrativo, por el que se entiende desestimado el requerimiento formulado por el Ayuntamiento de Nigrán al no contestar en el plazo de un mes, saltándose a la torera el citado art. 42 y obviando las más elementales normas de procedimiento administrativo, amén de una falta de respeto Institucional y desprecio intolerable hacia la Administración Municipal.

9.- Sin embargo -a pesar de estar aprobado por el pleno de la Corporación-, todavía no ha sido interpuesto el correspondiente contencioso administrativo, sin justificación aparente alguna e incumpliendo por tanto el mandato aprobado por unanimidad por la Corporación. La actitud de Augas de Galicia demuestra una falta de respeto por el incumplimiento de las obligaciones contractuales, negando a los vecinos de Nigrán lo pactado en el convenio firmado, mientras por otro lado el Ayuntamiento si ha cumplido escrupulosamente su parte en el compromiso adquirido.

10.- El grupo municipal de UCN entiende que tal decisión arbitraria adoptada por Augas de Galicia, atenta contra el interés general de los vecinos de Nigrán, y en particular los vecinos de Parada, privándoles de unas obras de infraestructura básica como son las de Abastecimiento de agua, tan sumamente necesarias y urgentes, que ni tan siquiera han justificado los motivos en los que se basan para revocar el citado convenio, a no ser que puedan existir razones ocultas e inconfesables de represalia política, lo que sería doblemente lamentable e intolerable. Hay que tener en cuenta que el apartado "7 Cláusulas de resolución do convenio", establece que: "o presente convenio poderá resolverse por algunha das seguintes causas: Incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sin perxuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante, ou por mutuo acordo.

Ante tal grave situación, creemos obligado reiterar nuevos escritos para forzar a Augas de Galicia a rectificar, dando cumplimiento a la legalidad vigente y contestando a los

requerimientos formulados por el Ayuntamiento de Nigrán, ante unos hechos de tal gravedad que no pueden esconderse detrás de un falso silencio administrativo, sin descartar la interposición de los recursos pertinentes e incluso, el contencioso administrativo, contra una decisión arbitraria e injusta, que busca reponer e indemnizar por los daños causados, con la única finalidad de defender el interés público local.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, **ACUERDO:**

PRIMERO.- Requerir nuevamente y de forma inmediata a Augas de Galicia para que responda al requerimiento formulado por el Ayuntamiento de Nigrán con fecha 28/9/2015, emanado del acuerdo Plenario del 30/7/2015 y en base a lo dispuesto en los artículos 4 y 42 de la Ley 30/92, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, contra el acuerdo de resolver el convenio de colaboración firmado el 23/12/2013 entre ambas administraciones, para la ejecución de obras de ampliación redes de saneamiento y abastecimiento en zonas del Ayuntamiento de Nigrán, entre otras, el Abastecimiento a Parada, por importe inicial de 580.000 €.

SEGUNDO.- Facultar al Sr. Alcalde-Presidente para realizar las actuaciones necesarias en ejecución del citado acuerdo, así como solicitar de los servicios jurídicos municipales informe de las posibles acciones a emprender, dando cuenta posterior al Pleno de la Corporación.

Deliberación sobre a urxencia. Non se recollen intervencións.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: O proceso tivo varias addendas que o atrasaron. Le varios parágrafos da proposta nos que constan os pasos seguidos, que demostran unha grave falta de respecto ao Concello. A consecuencia foi a de que o Concello tivo que afrontar o investimento con fondos propios. Non se pode admitir esa falta de resposta.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: O Pleno xa facultou ao Alcalde para actuar. Pensan que a Xunta non ten razón para deixar sen efecto o convenio.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: De acordo con reclamar.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Está de acordo aínda que o Alcalde xa está

facultado.

Sr. Alcalde-Presidente: Tamén están a favor, pero pensaron en que non conviña xudicializar a vida municipal, confiando en que a Xunta de Galicia nos daría unha resposta, pero levamos case un ano sen ela. Ateranse ao que diga o Pleno.

Sr. Rodríguez Fernández: Non necesariamente pasa a cuestión por un contencioso, salvo mellor opinión xurídica.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a Moción.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Especial referencia ao Decreto sobre cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios

- Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de xuño de 2016 e o 30 de xuño de 2016, ambos incluídos.

- O Pleno toma razón do seguinte Decreto do 20 de xullo de 2016, que se transcribe:

SUBVENCIONS PARA SERVIZOS SOCIAIS

Vista o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

Esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012 de 16 marzo, dunha subvención de 181.458,00 €, co seguinte detalle:

<i>- Persoal</i>	<i>33.630,00 euros</i>
<i>- Mantemento:</i>	<i>0,00 euros</i>
<i>- Axuda no Fogar:</i>	
<i>. Modalidade de prestación básica do Plan Concertado</i>	<i>0,00 euros.</i>
<i>. Modalidade para persoas valoradas como dependentes</i>	<i>147.828,00 euros</i>

Os programas de Axuda a Domicilio (dependencia) e gastos de persoal (dous traballadoras sociais) son prórroga, e a prestación de servizos continúa desenvolvéndose nas mesmas condicións do ano anterior.

SEGUNDO.- Compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 223,748,08 €, que supón unha porcentaxe do 55,22 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

TERCEIRO: Dar conta ao Pleno.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular.

1.1. Varios veciños solicitaronme información sobre a situación laboral e a dedicación do Alcalde no Concello. Puiden contestar que lera que tiña unha dedicación a media xornada na Deputación de Pontevedra, que non percibía remuneración por ningún tipo de dedicación ao Concello e que supuña que mantiña unha dedicación parcial con ERGUETE pois a media xornada da Deputación non permitía unha excedencia completa nesa fundación. ¿A contestación foi errada o so nalgúns aspectos?.

Sr. Alcalde-Presidente: Errada nalgúns aspectos, porque non teño ningunha dedicación na fundación ERGUETE, so me dedico ao Concello.

1.2. ¿Iniciáronse os procedementos de contratación das auditorías a realizar dos servizos externalizados polo Concello e recollidos no orzamento?

Sr. Alcalde-Presidente: Algunhas si outras non. A de auga non, a de CESPAsi, a de zonas verdes non.

1.3. ¿En que fase se atopa o expediente aberto á empresa encargada da recollida de residuos sólidos e limpeza viaria a raíz dunha presunta recepción de fondos municipais de forma indebida.

Sr. Alcalde-Presidente: Estivemos a semana pasada nunha reunión coa empresa da auditoría. Os responsables de CESPAs están de vacacións ata a semana que ven. Temos previsto reunirnos cando cheguen. Fixo alegacións CESPAs, as mirou a auditoría e agora xuntarémonos coa auditoría e con CESPAs. Falta o informe técnico municipal.

1.4. Hai un terreo en fronte dos Padres Franciscanos, que é municipal, que teñen aí uns restos de obras. ¿A situación na que se atopan eses terreos é consecuente coa normativa medio ambiental e urbanística actual?.

Sr. Alcalde-Presidente: Cando chegue de vacacións o Arquitecto municipal llo ensino e que me dea unha contestación.

1.5. Para a compra da parcela do almacén municipal figura a partida sen comprometer e sen gastar.

Sr. Alcalde-Presidente: Non se fixo nada aínda.

1.6. Na área de contratación cando se fixo a aprobación no Pleno e se dixo o que se ía por na páxina de transparencia, falta moitísima información, sobre todo na parte de contratación. É imposible levalo ao día, así que hai que ser consecuente cando se aproba algo, de se o podemos levar a cabo ou non.

1.7. A pregunta de que ía a pasar coas escolas deportivas municipais durante as obras do pavillón xa lla contestou a Xavier que no sabían que ían a facer.

1.8. Da partida de 40.000 euros en gastos sociais a principios de xuño gastouse só o 8,5 %. Recordo cando non nos apoiaban os orzamentos, porque querían unha partida maior para gastos sociais e agora resulta que este ano a subimos e non somos capaces de gastar nin unha pequena parte. Ao mellor temos que ser consecuentes, e como non fai falta tanto dedícalo a outras partidas onde si se necesita.

Sr. Alcalde-Presidente: Gástase o que se necesita, pero nestes últimos días hai gastos significativos.

1.9. Igual na partida de subministros de parques infantís e parques biosaudables, que de 46.000 euros que se consignaron tan só hai un 20% gastado.

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado: Unha parte importante ía dentro do plan de inversións da Deputación. Está en contratación agora pendente de adjudicar.

1.10. O mesmo pasa co acondicionamento e axardinamento de zonas verdes, había 11,6 % gastado.

1.11. Outro tema que nos preocupa pola regra de gasto, ¿para cando se prevé que teñamos en condicións o expediente do río Muíños, senda peonil.

Sr. Alcalde-Presidente: O Arquitecto antes de ir de vacacións xa informou e agora está pendente do informe da Enxeñeira.

1.12. ¿Para o Torreiro de Parada xa temos os permisos sectoriais correspondentes?

Sr. Alcalde-Presidente: De todos os proxectos que veñen da Deputación xa se empezaron a pedir os permisos ás distintas administracións.

1.13. Das diferentes obras que se realizaron con fondos provenientes do parque empresarial foi quedando sempre un remanente que se perpetúa e aparece nos orzamentos. ¿Cando van a asignar eses remanentes a unha obra en relación con Porto do Molle?.

1.14. Compra de terreos para acceso ao punto limpo, hai un proxecto que se pagou e

o que non se gastou. Foi a partida para a compra co importe que dixo Zona Franca, que ten unha parte de terreo que puña á venda para facer o acceso.

Sr. Alcalde-Presidente: O revisaremos.

1.15. En relación coa Policía Local me preocupa a compra de chalecos antibalas, que está no orzamento e en principio é porque se necesitan. Están iniciados os procedementos tanto ese como o do sistema de comunicación entre eles. Tamén o de control de cámaras de vixilancia.

Sr. Alcalde-Presidente: O de sistemas de comunicación para a Policía Local xa está contratado.

1.16. A primeira fase do inventario tamén está pendente.

1.17. A rehabilitación da antiga escola de Vilameán.

Sr. Alcalde-Presidente: Xa o estiveron revisando un arquitecto co Arquitecto municipal e está pendente de informe deste último para saber que se pode facer aí.

1.18. ¿Iniciouse o procedemento administrativo de contratación da RPT?

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Si.

1.19. O estudio de mobilidade.

Sr. Alcalde-Presidente: Non o temos.

2.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:

2.1. ¿Estanse liquidando correctamente as taxas por ocupación de espazos públicos á feira de artesanía, ao evento que vai haber esta fin de semana en Ramallosa e ao evento que houbo en Canido de exposición de motos?

2.2. Acaba de xurdir unha dúbida de que o ano pasado non se cobrou a ocupación do campo de fútbol de Monte Lourido ao circo, que este ano parece ser que prevía consulta no Concello a empresa volveu a pedir e parece ser que se lle comunicou que nos mesmos termos que o ano anterior. Agora mesmo hai un parque acuático e vai haber un circo. Parece ser que acábaselle de enviar un mandamento de pago e que hai desconformidade da empresa, ¿houbo algún cambio de criterio con respecto ao ano pasado? Parece ser que desde a Alcaldía se lle mandou non pagar.

Sr. Alcalde-Presidente: Será un criterio técnico, presentan a documentación e os técnicos saben se corresponde pagar ou non. Hoxe presentaron un recurso dicindo que o sitio non é municipal e que teñen unha autorización de Costas.

Sr. Valverde Pérez: Parece que estas persoas tamén participaron no concurso de

explotación de piraguas no verán, que se lle adxudicou por uns 2.000 ou 2.500 euros e que van renunciar, porque parece ser que hai outras empresas ou clubs que están facendo esa actividade sen pagar nada ao Concello.

Sr. Alcalde-Presidente: Cando nos chegue algo o saberemos, de momento non temos constancia de ningunha denuncia.

2.3. Abriuse a finca coñecida como de Mario Puentes de Praia América non sei se a abriu o concello e parece que hai persoas cobrando polo seu uso.

Sr. Alcalde-Presidente: O Concello non ten nada que ver. Este ano abriron a finca e nós felices.

2.4. Hai un programa que levaron no orzamento e que adxudicaron, que é o programa de estimulación cognitiva relacionado con el Alzhéimer, a dúbida é por que se elixiu este programa cando había un abanico enorme, incluso con asociacións ou colectivos de Nigrán que fan unha actividade importante (Juan María, Avelaíña, Menela). Buscamos a fundamentación e non sabemos cal é.

Sr. Alcalde-Presidente: Temos a sorte de ter Juan María, Avelaíña, Menela, pero non temos nada que atenda ás persoas que teñan problemas de alzhéimer, e desde esta Corporación pensouse que era un recurso que debíamos dar ás familias. Sacouse a concurso e se todo vai ben comezará en setembro.

Sr. Valverde Pérez: Pedíuse presuposto a tres asociacións, AFAGA (14.850 euros), AFAMO (14.950 euros), AFAPO (15.000 euros). Hai unha resolución deste expediente levantando os reparos sen atender o que indicaba o Interventor, incluso o Técnico de Xestión, que lle recomendaba que fixera un trámite previo antes de levantar os reparos. ¿Hai algunha relación dalgún membro desta Corporación con AFAGA?

Sr. Alcalde-Presidente: Agora mesmo non.

Sr. Valverde Pérez: Parece ser que AFAGA, onde traballaba Raquel e ERGUETE onde traballaba vostede comparten o mesmo domicilio. AFAGA Avda. Emilio Martínez Garrido 21 e ERGUETE Fundación Vigo Avda. Emilio Martínez Garrido 21.

Sr. Alcalde-Presidente: Ese é un espazo de servizos sociais que tamén comparte COGAMI, Servizos Sociais do Concello, Asociación de Persoas con síndrome de Down que tamén comparte. Son unhas dez entidades que comparten espazo.

3.- D^a. M^a. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular.

3.1. ¿Cando ten previsto o concelleiro de educación acometer as obras que solicitan desde o colexio As Dunas?

Sr. Alcalde-Presidente: Toda a relación que temos cos colexios é coa súa dirección,

non coas asociacións de nais/pais. En canto á caldeira, o colexio C.E.I.P. de Panxón ofrécenos de forma gratuíta unha caldeira por se a queremos instalar no Colexio Infantil As Dunas. Os técnicos municipais din que non só é colocar a caldeira, senón que tamén hai que facer unha instalación picando as paredes. En contacto coa dirección do colexio As Dunas din que ten outras prioridades, quitar humidades na entrada e na aula. As da entrada xa as quitamos e as da aula agora no verán.

4.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

4.1. Eu pedín por escrito unha pregunta respecto ao uso de herbicidas. No último Pleno aprobouse a prohibición do uso de herbicidas con glifosato en Nigrán e polo menos o 11 de xullo o servizo de limpeza viaria estivo botando herbicidas nalgunha zona de Nigrán, entre elas a rúa Reverendo.

4.2. Entendín que xa se contratou a auditoría mensual de CESPA.

Sr. Alcalde-Presidente: Está no proceso de contratación para iniciarse o 1 de xaneiro de 2017.

Sr. Cuevas Raposo: Eu sempre estou pedindo que se lle esixa ás empresas que cumpran os contratos, pero nós tamén temos que cumprir. Estamos retendo 20.000 euros para facer a auditoría, eu se fose CESPA chegaría o 31 de decembro e reclamaría a devolución dese importe.

4.3. ¿Empezouse o procedemento para reclamarlle a CESPA os importes indebidamente facturados respecto á recollida selectiva?

Sr. García Moreira: Non, porque é un procedemento á parte que necesita informes municipais para valorar todo.

4.4. Estou a ter bastantes queixas sobre a limpeza de cunetas, desbroce, etc. Rógolle que se esmere un pouco.

4.5. Hai unha partida de 20.000 euros para o portal de transparencia que inicialmente eran 12.000, que logo suxerimos que non se gastara ese diñeiro no portal de transparencia senón para mellorar a páxina web. De feito, o portal de transparencia, contestoume Raquel, que nos adheríramos ao do Ministerio, pero en todo caso segue a partida de 20.000 euros para mellorar a web. Dentro da web vai ter que estar a sede electrónica, unha serie de cousas que impón a Lei que entra en vigor o 1 de outubro de 2016. ¿Como están os pasos para que 1 de outubro de 2016 non se vulnere o dereito de ningún cidadán?

D^a. Raquel Giráldez Armas, concelleira delegada: Respecto á sede electrónica aínda temos unha marxe dun ano extra no que poderíamos habilitar toda a estrutura para dar resposta aos cidadáns on line. Aproveitaremos que a Deputación está levando a cabo a contratación dun servizo para poder ofertar ao resto dos concellos que queiran adherirse unha plataforma on line para a administración electrónica. Agora mesmo está na fase do análise das ofertas económicas e en setembro posiblemente podamos

adherirnos a esa plataforma.

4.6. Saíu unha noticia estes días de que xa se solucionaran os problemas de Delta, incluso foron ao instituto PROVAL e pedíronlle aos profesores que orientaran aos alumnos caras as profesións que hai na empresa. Nos pedirámoslle que se fixesen cursos orientados ás empresas instaladas en Porto do Molle, especialmente as empresas do sector aeronáutico que se van instalar alí, cursos para persoas paradas de Nigrán ¿Cantos cursos orientados a esa empresa se fixeron?

Sr. Alcalde-Presidente: Déuselle a licenza a semana pasada, comezaremos a partir de que empece a empresa, ademais ti sabes que un curso non o da por capricho unha administración, teñen que ser cursos homologados e que veñan respaldados pola Xunta de Galicia. Nin sequera temos instalacións para dar cursos dese tipo. O que fixemos foi ir aos centros educativos que dan esa formación e intentar que desde eses centros orienten aos seus alumnos cara a esa información. Plantexámolles incluso ao IES Escolas Proval que solicitasen outras especialidades máis relacionadas co que se está a desenrolar en Porto do Molle. Acordouse coa dirección de Proval e coa dirección da empresa buscar aqueles alumnos que remataron ou estaban a rematar para levarlos de visita á empresa Delta en Vigo para intentar asesoralos onde teñen que buscar a súa formación.

4.7. Existen diversos convenios de cesión de locais municipais, algún deles cuxo prazo venceu. Rogo que regularicen o convenio para darlle seguridade xurídica aos que están empregando as instalacións.

5.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

5.1. Que se proceda á limpeza das beirarrúas do SAU-3, SAU-4 e SAU-6, que se atopan moi descoidadas.

5.2. Que se poña en marcha un plan de choque para a limpeza de todos os camiños públicos, porque están mal en todas as parroquias.

5.3. Que se poña unha varanda central nas escaleiras que se atopan en Praia América onde está a fonte e apórtarlle area no último peldaño.

5.4. O tema da limpeza é extensible aos viais da Deputación. A estrada que vai a Parada está mal.

5.5. No SAU-7 estaban non só as beirarrúas, senón tamén unhas parcelas sen limpar, que se limparon pero quedaron na rúa montóns de herba seca. Rogo que se limpen.

5.6. As obras que se fagan no colexio As Dunas, que se poñan en marcha nas vacacións de verán.

5.7. ¿Que razóns hai para que non se formalizase a compra do terreo para construción

da nave almacén do Concello en Porto do Molle?

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda non se iniciou o expediente administrativo. Os cartos aínda non se recibiron.

5.8. ¿Impónselle aos adxudicatarios do mercadillo de Patos algunha obriga de limpeza e recollida?. ¿De ser así por que non se vixía e por que non se limpa o entorno ao finalizar o mercadillo?

Sr. Alcalde-Presidente: Non o sei.

5.9. Adxudicouse o contrato de axuda no fogar á empresa Atendo, ¿sabe se ten pendente por cobrar algunha factura a anterior contrata? ¿Foi devolta a fianza depositada? ¿Ten información de se aínda adeuda a anterior empresa salarios ás traballadoras?

Sr. Alcalde-Presidente: Que se devolvese a fianza non teño constancia, que haxa aínda débedas coas traballadoras, creo que si. Algunhas están en preito.

Sr. Fernández Comesaña: Que se contemple a posibilidade de abonar débedas ás traballadoras con esa fianza.

5.10. Recentemente púxose pola Xunta en funcionamento o novo centro de saúde de Panxón, ¿iniciáronse os trámites de cesión ao Concello do vello edificio?

Sr. Alcalde-Presidente: O que se iniciou foron os contactos cos servizos municipais para comezar ese proceso. Desde os servizos municipais nos recomendaron que aínda non o iniciásemos, que falásemos primeiro co SERGAS. Aínda están rematando de trasladar todo o material. Imos darlle un pouco de tempo.

5.11. Dentro do recinto das instalacións deportivas de tenis existe desde fai anos unha caseta-contedor dunha escola de piragüismo, ¿trátase dunha escola municipal de piragüismo ou é unha actividade privada? ¿De estar en funcionamento paga algún canon? ¿De non funcionar por que non se ordena a súa retirada?

Sr. Alcalde-Presidente: Xa se ordenou a retirada inmediata.

5.12. ¿Con respecto ás pistas de padel das citadas instalacións existe algunha autorización que comprometa ou condicione a súa actividade pública tanto ao Concello coma á empresa concesionaria da cafetería? ¿De ser así, quen autorizou e en base a que informes?

Sr. Alcalde-Presidente: Cando chegamos xa estaban as pistas de padel, son da empresa concesionaria anterior.

Sr. Fernández Comesaña: ¿Hai algún impedimento para que iso siga funcionando? ¿vanse desmontar? ¿quen está levando ese control?

Sr. Alcalde-Presidente: O control o leva a concesionaria.

5.13. O pasado mes de xuño contratáronse traballos para demolición por execución de sentenza 25/12, expediente 15/09, por importe de 30.000 euros, ¿pode indicarnos a que obra se refire e se se xirou liquidación de costas ao interesado e a canto ascendeu o seu importe?.

Sr. Alcalde-Presidente: Souto Velay, na Filgueira.

Sr. Fernández Comesaña: Anterior propietario Manuel Barros, estaríamos no segundo derribo co mesmo promotor.

5.14. ¿Iniciouse o expediente para recuperar os cartos deste derribo ao propietario?.

Sr. Alcalde-Presidente: Este aínda non se fixo.

5.15. Durante toda a fin de semana pasada o alumeado do paseo de Panxón estivo apagado, ¿pode dicirnos en que consistiu a avaria e se foi tan importante que non puido ser reparada ata o martes?; ¿que protocolo hai establecido para estas emerxencias cando o persoal segue cobrando?; ¿comunica a Policía Local estas incidencias ben ao concelleiro responsable ou ao capataz ou aos electricistas?

Sr. Alcalde-Presidente: No momento en que nos avisaron reparouse.

Sr. Fernández Comesaña: Revisar ese protocolo porque é grave.

5.16. Existen queixas de que ata as 12.30 horas non están operativos os postos de Protección Civil en praias ¿cal é o horario de atención que teñen?, tamén para os socorristas.

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado: De 12.30 a 20.00 h.

5.17. O pasado 10 de xuño asinou vostede un decreto aboando 6.268 euros por intereses de demora. Reclámaos por un avogado cando reclamaba 8 mil e pico cunha minuta que en principio o Concello considerou excesiva de 87.528 euros e que acudiuse a unha xura de contas. Curiosamente despois houbo que pagar esa mesma minuta coas costas do procedemento que foron 2.238 euros, o que supuxo un sobre custe de 8.506 euros. Sen embargo, o día 28 de xuño vostede asinou outro decreto designando ao mesmo letrado nun recurso do Banco Pastor por execución de avais bancarios na obra de urbanización do SAU-3 por MACONFRE. ¿Foi pactada a minuta desta defensa?; ¿de ser así a canto ascende?.

Sr. García Moreira, concelleiro Delegado: Inicialmente non estaba previsto designar a ese avogado, pero tras tomar la decisión la Alcaldía chega outro escrito dese mesmo titular dicindo que rebaixa a súa minuta inicialmente presupostada para ese caso, ao mínimo, 1.200 euros, e ademais di que se non contestamos en dous días presentará o recurso porque entenderá que é el o que está designado, co cal ante a pouca marxe non nos quedou máis remedio que sinalo a el.

5.18. Seguen as queixas polos veciños afectados pola tapería Costa Serena en Praia

América, ruidos excesivos, incumplimentos do horario de peche, cociña sen a cheminea para a saída de fumes e gases, utilizando un banco público da parada de bus como zona privativa colocando mesas. O propietario do local presentou escrito de comunicación previa o pasado 20 de xuño para levar a cabo obras de illamento acústico no teito e cambio de carpintería, pero sen incluír a instalación de cheminea para saída de fumes. Petición que foi declarada incompleta. ¿Pensa seguir sen adoptar ningunha medida a pesar das reiteradas denuncias dos veciños?, ¿existe informe dos técnicos que lle aconsellen ou amparen a súa decisión de permitir esta actividade presuntamente ilegal de utilización de cociña cando non estaba permitida?

Sr. García Moreira, concelleiro Delegado: Nos reunimos cos veciños, explicóuselle o que se estaba facendo coa tramitación desa actividade e, ademais, mañá pola mañá volvo a reunirme eu tamén co propietario do local para instar a que tome unha solución. Matizar unha cousa coa cociña, non bar: non poden ter carta estrita, pero si poden ter cociña para xerar algo que se denomina menú do día. O tema do son, parece que se vai a mellorar con esta comunicación do proxecto de insonorización, que é bastante completo e o que queda pendente é o do extractor, que o vamos a falar co propietario. Se lle comunicou o da terraza e se está mantendo dentro dos límites.

Sr. Fernández Comesaña: Pola información que teño, a utilización do banco público segue facéndose reiteradamente e a utilización da cociña, senón hai escape de gases, é discutible que poida facerse.

6.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

6.1. Gustaríame saber as razóns que motivaron o pintado dunha praza de aparcamento para discapacitados fronte aos bolos do Ceán e por que nese emprazamento.

Sr. Rial Sánchez concelleiro Delegado: A praza non está pintada onde debería e vaise a modificar en breve. A petición foi dunha usuaria.

Sr. Rodríguez Fernández: Onde está é un perigo, agora mesmo está pintada na calzada.

6.2. ¿Cal é a razón para que existan dúas prazas reservadas a vehículos de emerxencia na rúa Damas Apostólicas na Ramallosa?

Sr. Rial Sánchez, Concelleiro Delegado: Había unha para vehículos de emerxencias, Policía Local, e había outra para vehículo autorizado que era para o Xulgado de Paz, que se retirou.

Sr. Rodríguez Fernández: Creo que chegou a haber ata tres prazas reservadas. A pregunta é por que nunha zona con moita demanda de aparcamento había permanentemente tres prazas baleiras inutilizadas. Agora seguen quedando dúas prazas. Cando a Policía Local de Gondomar ven a tomar café tamén deben de buscar aparcamento como calquera outro e non ter a praza reservada. Como aínda segue a haber dúas prazas, creo que é suficiente unha praza para un momento determinado.

6.3. Hai pouco asistimos a un desgraciado accidente que ocorreu na praia da Madorra que se saldou coa morte dun veciño de Panxón. O que quería saber era sobre a contratación de socorristas que se realiza a través da Mancomunidade do Val Miñor: cantos postos de socorrismo se instalaron esta tempada en Baiona e cantos en Nigrán.

Sr. Alcalde-Presidente: Faltan cinco prazas de socorristas aínda por cubrir.

Sr. Rodríguez Fernández: Decídesme que hai cinco postos en Nigrán en tres praias. O que me gustaría determinar é o número de postos que hai en Nigrán e cantos postos hai en Baiona e cantas prazas, porque Baiona cubre cinco praias. Quero chamar a atención sobre o deseño dos postos e o número de postos que se lle asigna a Nigrán nesa contratación que ao mellor podería permitir que A Madorra tivese tamén un posto de socorrismo.

6.4. A Real Academia Galega acordou adicar o día das letras galegas do 2017 a Carlos Casares, que, á parte de ser un gran escritor, era veciño de Nigrán. Eu permitiríame suxerir ao goberno que aproveite esta circunstancia para que Nigrán teña o protagonismo que merece na celebración do día das letras do vindeiro ano e iso esixe en primeiro lugar recursos, polo tanto eu animaríaos a considerar esta especial circunstancia nos orzamentos do ano que ven e aproveitar tamén a posta en marcha do servizo de normalización lingüística que pode colaborar co departamento de cultura no deseño dunha programación axeitada. É máis, eu animaríalles a pensar en grande e dirixirse á Real Academia Galega e tratar de facer algún acto con eles en Nigrán arredor da figura de Carlos Casares.

6.5. Un rogo que xa lle fixen ao goberno anterior no seu día: que limpen a fonte do camiño do Rial en Camos, porque estaba inaccesible. Limpouse no seu momento e agora repito o rogo porque volve estar nas mesmas. Ademais de limpar a fonte, que limpen o camiño, que está nas mesmas condicións.

6.6. Abriuse un burato na calzada do principio do camiño Area Fofa, non sei se se solucionou.

6.7. Ao inicio desta sesión entregóuseme unha notificación ao grupo municipal do BNG dunha compensación tributaria en base a cal se compensa unha débeda por taxa pola realización de tarefas pola verificación de normativa de establecementos coa liquidación de axuda para funcionamento dos grupos. Esta taxa que se nos xira é unha taxa dunha licenza de actividade que nós non solicitamos e a pesar diso se nos xirou. Nós o que fixemos foi unha comunicación previa de algo que entendemos que non tiñamos que facer, dunha actividade de oficina de grupo municipal. Despois da análise da lexislación entendemos que non tiñamos que facela, pese a dicirlle ao Concello antes de que fixese ningunha actuación que renunciabamos a esa comunicación previa, a maquinaria administrativa dálle igual o que lle digas e proseguíu acabando xirando a liquidación dunha taxa. O importante é que nós presentamos un recurso contra esa resolución e contra esa liquidación que non mereceu ser contestado por parte do Concello. Que impresentable é que unha administración non reposte a un recurso presentado por un grupo municipal. A min me gustaría saber cal é a razón porque non se dignan a responder ao recurso que presentamos.

Sr. Alcalde-Presidente: Consultaremos cos técnicos municipais para saber cal é o procedemento.

Sr. Rodríguez Fernández: Simplemente non se resolveu ese recurso. Aproveito para dicir que amparándome la Lei de procedemento administrativo, a administración non pode absterse da súa obriga de resolver que ten en todo momento. Pido que se resolva e que se nos de unha resposta. ¿É práctica habitual neste Concello non contestar os recursos dos cidadáns?

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.